

Agricultura ecolóxica

✿ NA COSTA DA MORTE

4



BIC





Agricultura ecolóxica

ANEXO COSTA DA MORTE

G U Í A D E A C T I V I D A D E E M P R E S A R I A L



EDITOR	Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia S.A. (BIC GALICIA S.A.)
AUTORES	OBZ Management Consulting José Ramón Esperante Otero José Manuel Mayo Priegue
DIRECCIÓN, COORDINACIÓN E SUPERVISIÓN TÉCNICA	Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia S.A. (BIC GALICIA S.A.)
DISEÑO E MAQUETACIÓN	Producciones KHARTUM
DERECHOS RESERVADOS © 2004 DESTA EDICIÓN	Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia S.A. (BIC GALICIA S.A.) Edificio IGAPE, 3ª planta Complejo Administrativo San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela

Quedan rigurosamente prohibidas, sen a autorización escrita dos titulares do "Copyright", baixo as sancións establecidas nas Leis, a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento, incluídas a reprografía e o tratamento informático e a distribución de exemplares da mesma mediante alugamento ou préstamo públicos.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	7
1.1 Como utilizar este anexo	7

PUNTOS ADAPTADOS DA GUÍA DE AGRICULTURA ECOLÓXICA

2. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE E PERFIL DA EMPRESA-TIPO	11
---	-----------

4. O CONTEXTO SECTORIAL

4.1 O sector agrario	15
-----------------------------	-----------

5. O MERCADO DA AGRICULTURA ECOLÓXICA

5.1 Estructura da actividade	19
5.1.3 Previsións para o futuro	19
5.3 Marketing	21
5.4 Análise económico-financeira	23
5.4.1 Investimentos	23
5.4.2 Gastos	24

6. VARIOS

6.2 Normas sectoriais de aplicación	27
--	-----------

7. ANEXO

7.1 Anexo de información estatística de interese	41
Factores que influen no tamaño do mercado	43

AUTORES	45
----------------	-----------

1. Introducción





1.

Introducción

1.1 Como utilizar este anexo

O seguinte anexo é o resultado do traballo realizado polos técnicos locais de emprego dos Concellos do ámbito denominado Costa da Morte que forman parte da Rede de Técnicos de Emprego coordinada pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais a través da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, así como dos técnicos dos Grupos de Acción Local que na actualidade están a desenvolver as iniciativas comunitarias: AGADER (Fundación Comarcal de Bergantiños), PRODER II (Fundación Comarcales de Muros y Noia) e LEADER+ (Asociación Neria), cós obxecto de adaptar a información contida na **Guía de Agricultura ecolóxica** á realidade socioeconómica da área da Costa da Morte (ó abeiro do protocolo de colaboración entre o Igape e a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de data 12 de setembro de 2003).

Neste anexo adaptase a información da guía naqueles puntos onde se observaron diferenzas entre a realidade galega e a Costa da Morte para a actividade analizada. Desta forma, complementase a guía ofrecéndote unha información máis próxima o teu entorno social e empresarial.

No índice deste anexo poderás comprobar os puntos da guía de actividade adaptados a túa realidade económica e social, ademais, inclúense unha serie de táboas e cadros con información da Costa da Morte.

Para poder traballar de forma correcta con este anexo, deberás te-la Guía de Agricultura ecolóxica e ir comprobando a través do índice deste anexo os puntos modificados para que a información que se ofrece estea adaptada o teu entorno empresarial e social. Para dispor desta guía podes acceder a web: <http://guias.bicgalicia.es>.



2. Descrición da actividade e perfil da empresa-tipo





2.

Descrición da actividade e perfil da empresa-tipo

CARACTERÍSTICAS BÁSICAS AGRICULTURA ECOLÓXICA TIPO

CNAE	Grupo 01
SIC	Grupo 1
IAE	EXENTO
CONDICIÓN XURÍDICA	Autónomo
FACTURACIÓN	37.360
LOCALIZACIÓN	Zona rural
TAMAÑO	8.000 ou 10.000 m ²
PERSOAL	1
CLIENTES	Tendas especializadas, establecementos convencionais e público en xeral
CARTEIRA DE PRODUCTOS	Multiproducto
VALOR DO INMOBILIZADO	23.000
IMPORTE GASTOS	32.980
RESULTADO BRUTO	11,72%



11

4. O contexto sectorial





4.

O contexto sectorial

4.1 O sector agrario (Pax. 22)

Como no se teñen datos dos cultivos que se realizan nesta zona respecto a agricultura ecolóxica, a única posibilidade de establecer os cultivos que polo clima e solo son mais óptimos para esta zona, pódense obter en base a agricultura tradicional.

Segundo esto sábese aqueles cultivos que teñen maior posibilidade de ter éxito e que xa foron cultivados dende hai tempo polos veciños da zona. Deste xeito, e observando os cultivos tradicionais pódese establecer unha estratexia para cultivar unha serie de produtos de forma ecolóxica nesta zona, e que poden dar unha idea dos cultivos mais interesantes a hora de explotalos de forma ecolóxica.

Distribución municipal de terras. Principais superficies e cultivos

CONCELLO	Superficie total	S.A.U.	Superficie de cultivo	Trigo	Centeo	Millo	Prados e pasteiros	Pataca	Cultivos forraxeiros	Hortalizas	Froiteiras	Viñedos
CAMARIÑAS	5.185	1.037	792	2	5	450	245	113	125	73	5	-
CARNOTA	6.641	1.197	1.048	2	9	260	149	170	180	103	-	-
CEE	5.524	1.402	1.100	8	12	460	302	122	440	28	-	-
CORCUBIÓN	759	203	188	2	5	55	15	25	86	7	-	-
DUMBRÍA	12.509	2.359	1.846	14	12	280	513	277	1.215	31	-	-
FISTERRA	2.843	648	558	-	-	284	90	190	23	6	-	-
LAXE	3.680	1.726	906	16	-	405	820	235	189	9	3	-
MAZARICOS	19.157	12.209	9.059	560	100	800	3.150	876	6.643	80	-	-
MUROS	7.225	1.481	1.021	1	8	320	460	240	115	87	-	-
MUXÍA	12.065	2.840	2.356	10	8	820	484	167	1.275	40	4	-
VIMIANZO	18.693	3.966	3.111	25	42	1.535	855	275	970	121	5	-
ZAS	13.204	5.077	3.309	375	62	753	1.768	540	1.531	36	6	-
A CORUÑA	793.086	273.70	193.107	12.190	2.869	48.929	80.595	29.357	81.624	4.985	457	1.695
Comarca	107.485	34.145	25.294	1.015	263	6.422	8.851	3.230	12.792	621	23	-
%	13,55%	12,48%	13,10%	8,33%	9,17%	13,13%	10,98%	11,00%	15,67%	12,46%	5,03%	0,00%

Datos da Consellería de Política Agroalimentaria. Ano 1997



Distribución xeral de terras por comarcas

	Cultivos herbáceos	Cultivos leñosos	Outras terras de cultivo	Prados e pasteiros	Outras superficies	Superficie forestal	Superficie total
Fisterra	4.086	54	180	1.817	4.565	23.428	33.958
Muros	473	-	53	583	2.789	10.520	14.373
Terra Soneira	5.897	34	154	1.731	4.728	24.835	37.245
Xallas	11.434	13	281	2.807	4.646	19.922	39.095

Datos da Consellería de Política Agroalimentaria. Ano 2000

CULTIVOS

Para poder ver o axeitamento da zona de cara a desenvolver actividades relacionadas coa agricultura ecolóxica non está de máis comprobar cal é a tradición agrícola da zona do noso análise.

Neste sentido existen notables diferencias entre os concellos. A nivel provincial o 1º grupo de cultivos sería o bosque e colleita silvestre; sen embargo, na zona de análise os datos demostran que non hai tradición deste tipo de cultivos. O problema poder vir incluso dun fallo de inventario no caso do castiñeiro (a ausencia de comercialización fai que non se dispoñan de datos fiables; o que non implica que non se inicien novas plantacións para a produción de castañas acolléndose ás subvencións da UE que cobren o 100% dos gastos para a produción de castaña, tendo en conta tamén a gran aceptación da castaña no mercado actual); non se aprecian aínda potencialidades.

Tampouco hai tradición de produción de froitas a gran escala; só para autoconsumo e para a venda en feiras e mercados locais. No caso da Pataca, igualmente está enfocada cara o autoconsumo; pode ser interesante nos concellos costeiros porque saírían ó mercado con antelación aproveitando os altos prezos iniciais.

Finalmente, as hortalizas; parece ser a que conta cunha maior posibilidade de éxito tendo en conta a vocación natural de cada concello, aparte de que precisa unha superficie menor para poder explotala, en contra do que pasa co millo ou trigo, que precisan dunha grande superficie para cultivar para ter un beneficios mínimos.



5. O mercado da agricultura ecológica





5.

O mercado da agricultura ecolóxica

5.1 Estructura da actividade

5.1.3 Previsións para o futuro (Pax. 31)

Se te propós entrar no mercado da agricultura ecolóxica debes ter presente o seguinte cadro, co fin de aumentar ou manter os puntos fortes, permanecer atentos ás oportunidades que se che ofrecen, así como, polo contrario, eliminar ou mellorar os puntos febles de cara a combater as ameazas que o mercado nos presenta:

AMEAZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none">> Oferta de produtos sucedáneos.> Importacións.> Confusión por parte do consumidor sobre as vantaxes destes produtos.	<ul style="list-style-type: none">> Tendencia crecente do consumidor cara a natureza, saúde, etc.> Introducción de grandes empresas na actividade.> Baixa competencia.> Apoio institucional.> Mercado en continuo crecemento.> Problemas alimentarios.> Diversidade climática que permite gran variedade de cultivos.> Grande extensión de terra sen explotar> Maquinaria recomendable> Marcados locais que complementan a demanda das grandes superficies> Tradición de produción agrícola para o autoconsumo> Zonas de turismo natural asociado a produtos de calidade



19

PUNTOS FORTES	PUNTOS FEBLES
<ul style="list-style-type: none"> > Dificultades de aprovisionamento. > Prezos elevados > Canle de distribución pouco desenvolvida. > Investimento e custo da obtención do selo de produto ecolóxico > Falla de Formación > Falla de asociacións locais con técnicos na materia > Minifundio, que fai difícil conseguir unha parcela o suficientemente grande para ser rendible 	<ul style="list-style-type: none"> > Asociación de agricultura ecolóxica con saúde e respecto ó medio ambiente > A adaptación esixida produciu unha renovación das estruturas



5.3 Marketing (Pax. 42)

SUPERFICIE de CULTIVO

CONCELLO	Nº PARCELAS	SUPERFICIE (has)	Nº PROPIET. exentos	PROP. pagan imposto	TOTAL PROPIET.	SUPERF. MEDIA PARC.(HAS)	PARCELA/ PROPIETARIOS
MUROS	90.202	6.345	7.374	73	7.447	0,07	12
CARNOTA	53.704	6.172	4.702	61	4.763	0,11	11
FISTERRA	17.707	2.803	3.015	95	3.110	0,16	6
CORCUBIÓN	3.356	656	480	43	523	0,20	6
CEE	29.113	5.708	4.007	232	4.239	0,20	7
DUMBRÍA	37.164	12.490	3.927	555	4.482	0,34	8
MUXÍA	48.314	12.038	4.592	654	5.246	0,25	9
MAZARICOS	46.050	18.735	5.612	1.237	6.849	0,41	7
CAMARIÑAS	40.396	4.492	5.251	36	5.287	0,11	8
VIMIANZO	60.860	18.588	7.792	1.131	8.923	0,31	7
ZAS	37.462	12.835	3.411	1.418	4.829	0,34	8
LAXE	15.589	3.211	2.267	118	2.385	0,21	7
CABANA	39.496	9.106	4.148	804	4.952	0,23	8
PONTECESO	42.735	7.914	6.748	546	7.294	0,19	6
MALPICA	25.925	5.528	4.779	358	5.137	0,21	5



O perfecto serían 12.000 m² pero é difícil conseguir esta superficie, destes polo menos 2.000 deben ser cubertos para asegurar producións e 10.000 abertos. Esta superficie limita unha boa parte da Costa da Morte deixando tan só para as zonas de interior ou seminterior as zonas de produción. Na costa a dificultade esta en conseguir esta superficie, para elo é preciso negociar con varios propietarios para o aluguer das terras, que en principio non debe ser moi difícil, xa que a maioría están abandonadas, polo que é preciso buscar un sitio onde as terras se atopen “a monte” de tal forma que aluguer e moito mais barato e os propietarios acceden facilmente ó seu aluguer ou venda. Pola contra estas terras precisan unha maior inversión para que sexan productivas en relación coas terras xa cultivadas; non se debe ter en conta solo o prezo do aluguer senón ter en conta tamén orientación e exposición dos terreos.

A climatoloxía favorable provoca unhas saídas ó mercado tempéranas collendo os picos de prezos máis altos. Para isto as colleitas de interior contan cunhas condicións máis axustadas á produción e, sobre todo, evita xeadas tardías. No caso dos concellos máis próximos ó mar, con solos máis areosos, precisarase rega xa en primavera para conseguir esa precocidade na saída do produto

Outro detalle a ter en conta no caso das superficies das explotacións é o tema de poder contar cunha finca única ou non. Moitas zonas de costa non poderían contar cunha parcela única e isto provoca as seguintes disfuncionalidades:

- O sistema de rego encarece posto que resulta máis fácil de amortizar no caso da finca única.
- A mecanización da finca.
- O tratamento dos cultivos
- En xeral, o manexo da explotación agrícola.

Tamén debemos ter en conta a dispoñibilidade de terras. Ollando o numero de explotacións na zona vemos o seguinte:

- Aumenta o excedente de xente na agricultura (abandonos, ceses,...)
- Aumenta tamén o excedente de terras de cultivo (probablemente de menor tamaño facilmente recuperables para a actividade agrícola)
- Exceso de ásperos agrícolas de segunda man, moitos deles recuperables ou reconvertibles para a horta. O feito da existencia de varias explotación permitiría tamén adquirir maquinaria moderna con mellor tecnoloxía, probablemente máis caro pero tamén mellor comodidade, prestación e rendementos.



5.4 Análise económico-financeira

5.4.1 Investimentos (Pax. 48)

Terreos:

- Se é propio computaríase como se fose un custo de arrendamento baseándose no custo de oportunidade (4% do seu valor)
- Se é comprado os custos son elevados e os prezos varían enormemente dependendo da zona da Costa da Morte. No interior resulta máis doado atopar terreo para a compra. Nos primeiros anos de vida da explotación non se recomenda comprar senón alugar.

Invernadoiro: 33.000 euros

- 40 x 50
- 5 túneles
- plástico + estruturas (instalado todo)

Motoazada cos seguintes apeiros: 6.100 euros

- Aporcador
- Cultivador
- Fresa traseira
- Fresas laterais
- Arado reversible
- Rodas neumáticas
- Contrapeso frontal
- Contrapeso nas rodas

Pulverizador con motor de 22 litros: 650 euros

Instalación de rego: 4.600 euros

Casco de protección: 650 euros

Vestuario: 150 euros



5.4.2 Gastos (Pax. 49)

Procederemos de igual maneira cos gastos detallando as principais partidas. O seguinte cadro móstrache unha estimación dos gastos medios necesarios da explotación elixida como tipo a pleno rendemento:

Cadro 7: Cifra estimada de gastos anuais explotación hortofrutícola

	IMPORTE
Materias primas (sementes, etc.)	16.600
Subministracións (electricidade, gasóleo)	1.000
Soldos + Seguridade Social	12.000
Mantemento e conservación	400
Arrendamentos (tractor, etc.)	400
Seguros (agrario, etc.)	200
Servicios externos	500
Amortización inmovilizado	1.180
Outros gastos	700
TOTAL	32.980

Fonte: Elaboración propia a partir de entrevistas

Neste cadro é preciso, se é o caso, incorporar un gasto mais que é o aluguer das terras, débese negociar cos posibles alugueiros o prezo do solo, tendo en conta que no monte e nas terras sen cultivar o prezo é menor que no caso de terras cultivadas. Este incremento polo aluguer pódese compensar coa diminución nos soldos e salarios, xa que nesta zona os soldos son inferiores a media galega a nacional, polo que o táboa no total de gastos quedaría coa mesma cantidade.



6. Varios





6.2 Normas sectoriais de aplicación (Pax. 60)

Orde do 7 de maio de 1997 pola que se regula a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se crea o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia. DOGA nº 93 do 7 de maio de 1997.

A produción agraria ecolóxica ou biolóxica constitúe un método diferenciado de produción de alimentos, que é conveniente regular asegurando a transparencia en tódalas fases, tanto da mesma produción como da elaboración e comercialización.

O Regulamento CEE 2092/1991, do Consello, do 24 de xuño, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios, establece unha serie de normas para a presentación, o etiquetado, a produción, a elaboración, o control e a importación de países terceiros, dos produtos procedentes da agricultura e gandería ecolóxica ou biolóxica, que foi complementado e modificado polos regulamentos (CEE) 2083/1992, do 14 de xullo; 2608/1993, do 23 de setembro; 2381/1994, do 30 de setembro; 1935/1995, do 22 de xuño, e demais normativa afín.

A norma comunitaria prevé que o control da produción agraria ecolóxica debe ser realizado por autoridades designadas polos estados membros, sendo en España competencia das comunidades autónomas designa-la autoridade competente e a autoridade de control, segundo reconece o artigo 5º do Real decreto 1852/1993, do 22 de outubro, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Procede, en consecuencia, establece-la autoridade competente e a autoridade de control, así como aplicar e desenvolve-las disposicións contidas na normativa comunitaria sobre agricultura ecolóxica ou biolóxica, dentro do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia; e polo tanto, de conformidade co artigo 30.l. 3º e 4º do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente,

DISPOÑO:



Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

As disposicións contidas na presente orde teñen por obxecto a regulación, no ámbito das respectivas competencias e para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, de:

- a) A produción, a elaboración e a comercialización dos produtos relacionados nas alíneas a) e b) do artigo 1 do Regulamento CEE 2092/1991, do Consello, do 24 de xuño, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios.
- b) Os instrumentos de fomento, promoción, control e asesoramento en materia de agricultura ecolóxica ou biolóxica.

Artigo 2º.-Indicacións protexidas.

1. Para os efectos do que dispón a presente orde, e de acordo co establecido no artigo 2 do Regulamento CEE 2092/1991, do 24 de xuño, considérase que un produto leva indicacións referentes ó método ecolóxico de produción cando no seu etiquetado, publicidade ou en documentos comerciais este produto e/ou os seus ingredientes están caracterizados por:
 - a) As mencións en reconversión cara a agricultura ecolóxica, obtido sen o emprego de produtos químicos de síntese, ecolóxico, biolóxico, orgánico, biodinámico, ou os seus respectivos nomes compostos.
 - b) Os prefixos eco e bio, acompañados ou non do nome do produto, dos seus ingredientes ou da súa marca comercial.
 - c) En xeral, calquera indicación ou cualificativo que permita ó consumidor entender que o produto e/ou os seus ingredientes foron obtidos de acordo coas normas de produción contidas nos artigos 6 e 7, e nos anexos I, II, III e IV do Regulamento CEE 2092/1991, do 24 de xuño, e en todas aquelas disposicións que o complementen, desenvolvan ou modifiquen.
2. Só poderán utiliza-las indicacións citadas no apartado anterior os operadores que produzan, elaboren, e/ou importen produtos que cumpran as normas de produción citadas e que notifiquen a/as súa/s actividade/s á autoridade competente e sometan a/as súa/s empresa/s ó sistema de control establecido no artigo 9 do Regulamento CEE 2092/91, do 24 de xuño.
3. Para os efectos do que dispón o apartado anterior a autoridade competente para recibila notificación será a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, en relación ós titulares de empresas agrarias de produción e ós titulares de industrias elaboradoras.
4. O uso das indicacións mencionadas no primeiro apartado deste artigo realizarase de acordo co establecido no artigo 5º do Regulamento CEE 2092/91, do 24 de xuño.



5. Nos produtos agrarios e alimenticios distintos dos regulados na presente orde, prohibese a utilización de nomes, marcas, expresións e sinais que por similitude fonética ou gráfica cos protexidos, poidan inducir a que se confundan con eles, aínda no caso de que vaian precedidos polas expresións tipo, estilo, gusto, sabor, producido, elaborado, envasado ou outras análogas.

Artigo 3º.-Normas de produción e elaboración.

Os operadores que utilicen calquera das indicacións citadas no artigo 2 desta orde deberán producir e/ou elabora-los seus produtos de acordo coas normas de produción establecidas nos artigos 6 e 7 do Regulamento CEE 2092/91, do 24 de xuño, así como nas demais disposicións complementarias referidas ó mesmo obxecto que sexan de aplicación.

Artigo 4º.-Autoridade competente.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias, exercerá no ámbito das súas competencias e para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as funcións de autoridade competente, de acordo co disposto nos artigos 8 e 9 do Regulamento CEE 2092/1991, do 24 de xuño.

Artigo 5º.-O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

1. Créase o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, como órgano desconcentrado da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para exercer-las funcións de autoridade única de control no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia será o encargado de aplicar, no ámbito das súas competencias, o sistema de control establecido nos artigos 8 e 9, e no anexo III do Regulamento CEE 2092/1991, do 24 de xuño.

Artigo 6º.-Rexistros.

1. O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, para efectos de facilita-lo control, levará os seguintes rexistros:
 - a) Rexistro de operadores titulares de empresas agrarias de produción, no subsector vexetal.
 - b) Rexistro de operadores titulares de empresas agrarias de produción, no subsector animal.



- c) Rexistro de operadores titulares de empresas de elaboración.
 - d) Rexistro de operadores titulares de empresas importadoras de países terceiros.
2. O Consello Regulador, para efectos de promoción, levará as seguintes relacións:
- a) Relación de titulares de empresas de comercialización de produtos ecolóxicos ou biolóxicos.
 - b) Relación de asociacións de consumidores de produtos ecolóxicos ou biolóxicos.

Artigo 7º.-Dereitos e obrigas dos operadores.

1. Só os operadores sometidos a control segundo o establecido no artigo 2 desta orde poderán utilizar nas súas etiquetas, publicidade ou documentos comerciais, indicacións referentes ó método ecolóxico ou biolóxico de produción.
2. Só se aplicarán mencións relativas a agricultura ecolóxica ós produtos que cumpran as normas esixidas pola lexislación vixente, tanto nas fases de produción, como de elaboración e de importación, se é o caso.
3. Tódolos operadores que realicen a súa actividade no campo da agricultura ecolóxica quedan obrigados ó cumprimento do especificado nos artigos 8 e 9 do Regulamento CEE 2092/1991, do 24 de xuño, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios e demais lexislación concordante.
4. O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia adoptará e rexistrará un emblema ou logotipo como símbolo da denominación, unha vez aprobado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.



Artigo 8º.-Funcións do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia exercerá as funcións seguintes:

- a) Elabora-lo proxecto de Regulamento interno da agricultura ecolóxica de Galicia e do seu consello regulador, e as súas posteriores modificacións, que deberán elevarse ante a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a súa aprobación.
- b) Aplica-las disposicións da presente orde e do regulamento particular, velando polo seu correcto cumprimento.
- c) Adoptar, logo do informe vinculante do comité de cualificación, as medidas previstas nos artigos 9.9 e 10.3 do Regulamento CEE 2092/91, do 24 de xuño.
- d) Prestar apoio técnico para a elaboración de estudos e a execución de proxectos de reconversión productiva de explotacións agrarias e empresas agroalimentarias que desexen iniciar producións ou elaboracións de produtos segundo o sistema da

producción agraria ecolóxica, así como plans de mellora e optimización dos procesos productivos.

- e) Difundi-lo coñecemento e a aplicación dos sistemas de produción ecolóxica ou biolóxica, dando asesoramento técnico ás empresas que realicen producións ecolóxicas ou que queiran iniciar esta actividade, nos termos que establece esta orde.
- f) Promove-la difusión e o consumo dos produtos agroalimentarios ecolóxicos ou biolóxicos.
- g) Promover e coïda-las formas de venda que mellor comuniquen ó consumidor e á sociedade en xeral o labor medioambiental dos operadores inscritos, vixiando, pola súa vez, o correcto uso das indicacións de identificación.
- h) Promover e apoia-lo asociacionismo entre os operadores e a apertura de canles propias de comercialización, especialmente a venda directa.
- i) Levar e manter actualizados os rexistros e relacións previstos no artigo 6 desta orde.
- j) Propo-lo logotipo propio que deberá identifica-los produtos agropecuarios ecolóxicos de Galicia, que deberá ser aprobado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.
- k) Aproba-la memoria anual de funcionamento do consello, que se presentará, antes do 31 de marzo de cada ano seguinte, ante a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para a súa ratificación.
- l) Aproba-lo proxecto de orzamento anual do consello, que se presentará acompañado dunha breve memoria explicativa, antes do 15 de novembro do ano anterior, ante a citada consellería para a súa ratificación.
- ll) Propor á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes posibles actuacións en materia de produción agraria ecolóxica ou biolóxica.
- m) Resolver sobre a conformidade ou desconformidade co réxime de control dos operadores de produtos agroalimentarios ecolóxicos ou biolóxicos, logo do informe vinculante do comité de cualificación.
- n) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.



Artigo 9º.-Composición do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

1. Neste consello regulador estarán representados os operadores titulares de empresas de produción, elaboración e/ou comercialización de produtos ecolóxicos ou biolóxicos, así como as asociacións de consumidores, sempre que figuren inscritos nos correspondentes rexistros e relacións establecidos.

2. O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) estará constituído por:

- a) O presidente.
- b) O vicepresidente.
- c) Catro vocais titulares, cos seus correspondentes suplentes, en representación do sector produtor:
 - Dous vocais representando o subsector productivo vexetal.
 - Dous vocais representando o subsector productivo animal.
- d) Catro vocais titulares, cos seus correspondentes suplentes, en representación do sector elaborador e comercial:
 - Dous vocais representando as empresas elaboradoras.
 - Un vocal representando o subsector comercial, incluídos importadores de países terceiros.
 - Un vocal representando as asociacións de consumidores de produtos ecolóxicos ou biolóxicos.
- e) Dous vocais técnicos en representación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, designados por esta.



- 3. Os vocais representantes da produción, das empresas elaboradoras, da comercialización e das asociacións de consumidores serán elixidos democraticamente, de entre os que están inscritos nos rexistros e relacións correspondentes e se sometan ó réxime de control establecido.
- 4. Os vocais elixidos por pertenceren en calidade de directivos ou representantes a unha firma inscrita, cesarán no seu cargo ó cesaren como directivos ou representantes da dita sinatura, aínda que seguisen vinculados ó sector por pasaren a outra empresa, procedendo no dito caso a designar substituto.
- 5. Unha mesma persoa natural ou xurídica non poderá ter no consello regulador dobre representación, nin directamente nin a través de entidades filiais ou socios dela.
- 6. Os vocais serán renovados cada catro anos, e poderán ser reelixidos. O sistema e procedemento electoral serán establecidos por orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, no marco da lexislación vixente.
- 7. Causará baixa o vocal que durante o período de vixencia do seu cargo sexa sancionado nas materias que regula a normativa en vigor, ben persoalmente ou ben a firma á que representa.

8. O presidente do consello regulador será nomeado polo conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, por proposta dos vocais electos.

O vicepresidente será designado polo conselleiro de Industria e Comercio.

Artigo 10º.-Sesións do consello regulador.

1. Poderase reunir:

a) En sesión ordinaria, mediante convocatoria do presidente ou da persoa en quen delegue, cunha periodicidade mínima dunha vez ó trimestre.

b) En sesión extraordinaria, mediante convocatoria para tal efecto do presidente ou por solicitude de polo menos, un tercio dos seus membros.

2. O réxime de organización e funcionamento das sesións e o réxime de adopción de acordos serán establecidos no Regulamento interno da agricultura ecolóxica de Galicia e do seu consello regulador.

3. O pleno do consello regulador poderá tomar acordos cando estean presentes máis da metade dos seus membros.

En ningún caso se admitirá a delegación do voto.

O presidente terá voto de calidade.

4. O consello regulador debe remitir unha copia da acta das súas sesións á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes no prazo improrrogable de oito días hábiles a partir da data da reunión.



Artigo 11º.-O presidente do consello regulador.

1. As súas funcións son:

a) A representación do consello regulador.

b) Cumprir e facer cumprir-las disposicións legais e regulamentarias.

c) Administra-los ingresos e fondos do consello e ordena-los pagamentos, de acordo co establecido polo pleno.

d) Convocar e presidi-las sesións do consello, sinalando previamente a orde do día, e executa-los acordos adoptados polo pleno.

e) Organiza-lo réxime interior do consello.

f) Proporlle ó consello a contratación e resolución dos contratos do seu persoal.

- g) Informar á Administración pública correspondente das incidencias que ocorran na produción e mercado.
 - h) Todas aquelas outras funcións que o consello acorde ou que lle encomende a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.
2. A duración do mandato do presidente será de catro anos, e poderá ser reelixido.
3. O presidente cesará:
- a) Ó expira-lo período do seu mandato.
 - b) Por petición propia, unha vez aceptada a súa dimisión.
 - c) Por decisión da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, logo de incoación e resolución do expediente para o efecto, por incorrer nalgunha das causas xerais de incapacidade establecidas na lexislación vixente ou por perda da confianza do pleno, manifestada en votación secreta por maioría de dous tercios dos seus membros.
 - d) Polas demais causas recoñecidas no ordenamento xurídico.
4. No caso de cesamento ou morte, o consello regulador propondrá un novo candidato a presidente, no prazo dun mes, ante a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para a súa designación.
5. As sesións de constitución do consello e aquelas nas que se estudie a elección de presidente serán presididas por unha mesa de idade, composta polo vocal de maior idade e os dous máis novos.
6. Correspóndelle ó vicepresidente do consello regulador substituí-lo presidente nos casos de ausencia, enfermidade e demais previstos na lexislación vixente.
- No exercicio das súas funcións en defecto do presidente, o vicepresidente terá as mesmas competencias e obrigacións que aquel.



Artigo 12º.-Persoal do consello regulador.

1. Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia contará co equipo humano necesario, de acordo co cadro de persoal aprobado polo pleno, sempre que figure dotado economicamente no seu orzamento.
2. O consello disporá de:
 - a) Director técnico.
 - b) Persoal técnico.

Encargarase de asesorar a tódolos operadores interesados, tanto desde o punto de vista da reconversión productiva, como na difusión do coñecemento e aplicación dos sistemas de produción e elaboración de produtos ecolóxicos.

c) Persoal inspector ou vedores.

Encargarase do control e vixilancia, de acordo cos criterios do consello e do comité de cualificación e respectando, en todo caso, os sistemas de control establecidos pola lexislación vixente.

3. Os vedores serán designados polo consello regulador, por proposta do comité de cualificación, correspondéndolle á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a súa habilitación.
4. Os vedores terán as seguintes atribucións inspectoras:
 - Sobre os predios situados na zona de produción.
 - Sobre as instalacións de elaboración e envasado.
 - Sobre as empresas importadoras de países terceiros, unha vez autorizada e recibida comunicación ó respecto da Administración xeral do Estado.
 - Sobre os produtos protexidos, no ámbito desta denominación.
5. O consello regulador poderá contrata-lo persoal necesario para efectuar traballos urxentes, sempre que teña aprobado no seu orzamento dotación económica para este concepto.
6. A todo o persoal do consello, tanto con carácter fixo coma eventual, seralle de aplicación a lexislación laboral vixente.



Artigo 13º.-O director técnico.

1. O director técnico será nomeado e cesado polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, por proposta da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

O dito cargo deberá recaer en persoa que acredite coñecementos suficientes sobre a agricultura ecolóxica ou biolóxica.
2. As súas funcións serán as seguintes:
 - a) Exercer como secretario do consello regulador, o que implicará:
 - Dar soporte técnico ó consello para o cumprimento das súas funcións e a execución dos seus acordos.
 - Coordina-lo persoal técnico e de inspección, exercendo a xefatura

inmediata sobre eles, de acordo coas directrices fixadas polo pleno e polo comité de cualificación.

- Asistir ás sesións do consello, con voz pero sen voto; cursa-las convocatorias, levanta-las actas e custodia-los libros e demais documentos que lle afecten.
- Todas aquelas que lle poidan ser encomendadas por acordo do consello regulador e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

b) Presidi-lo comité de cualificación.

Artigo 14º.-O Comité de Cualificación da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

1. Composición.

a) O comité de cualificación estará integrado por tres membros:

- O director técnico, que actuará como presidente.
- Dous técnicos, funcionarios, de recoñecido prestixio en agricultura ecolóxica ou biolóxica, que serán nomeados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

b) O comité de cualificación adoptará os acordos por unanimidade dos seus membros. O seu funcionamento establecerase por regulamento de réxime interior e garantirase, en todo caso, a súa operatividade.



2. Funcións.

- a) Informar sobre a natureza e calidade da produción, elaboración e comercialización dos produtos relacionados nas alíneas a) e b), do artigo 1, do Regulamento CEE 2092/91, do 24 de xuño.
- b) Emitir informe preceptivo e vinculante, con carácter previo á inscrición, á cualificación ou descualificación ou á imposición de calquera sanción ós operadores de produtos agroalimentarios ecolóxicos, por parte do consello regulador.
- c) Colaborar co consello na aplicación das disposicións establecidas na presente orde e demais lexislación afín.
- d) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.

Artigo 15º.-Financiamento.

O financiamento das actividades e obrigas do Consello Regulador e do Comité de Cualificación da Agricultura Ecolóxica de Galicia efectuarase cos recursos seguintes:

- a) As cantidades aportadas polos operadores que sometan a súa empresa ó sistema de control, de acordo co establecido no artigo 2 desta orde.
- b) As subvencións, legados, donativos e demais transmisións de bens e dereitos a título gratuito das que sexa beneficiario o consello regulador.
- c) As cantidades que puidese percibir en concepto de indemnizacións por danos e prexuízos ocasionados ó consello ou ós intereses que representa.
- d) Os bens que constitúan o seu patrimonio e os seus produtos e vendas.
- e) Aqueloutros que por calquera título lle correspondan.

Artigo 16º.-Infraccións, sancións e procedemento.

1. As infraccións e o réxime de sancións será o establecido nos artigos 9.9 e 0.3, do Regulamento CEE 2092/91, do 24 de xuño; sen prexuízo do disposto na Lei 25/1970, do 2 de decembro, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 835/1972, do 23 de marzo.
2. O procedemento sancionador axustarase ó establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e ó Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, que aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, e a cantas disposicións xerais estean vixentes no seu momento sobre esta materia.
3. Contra os actos e resolucións que adopte o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia poderase interpor recurso ordinario ante o conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes.

Disposicións derradeiras

Primeira. - Facúltase o director xeral de Produción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para dicta-las normas precisas para o desenvolvemento do establecido na presente orde.

Segunda. - A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Anexo





7.1 Anexo de información estadística de interese (Pax. 69)

CLIMATOLOXÍA

De forma xeneral, a área de estudo pódese localizar na subrexión fotoclimática V (VI) ou atlántico (europeo), segundo a clasificación de Allué. As características básicas de este clima son:

- Clima sen ningún período árido
- Clima non de alta montaña (altura menor a 1500 metros)
- Estación fría corta (media do mes de máis frío superior ós 6° C)

Segundo a clasificación de Papadakis, os valores climatolóxicos existentes na zona encadran ó clima no tipo Av, M, Hu, é dicir, tipo de inverno avena cálido; tipo de verán Millo e réxime de humidade Sempre húmido.

Nestas condicións son posibles os cultivos de cereais e leguminosas de outono e primavera para gran e forraxe, tubérculos, cultivos industriais, forraxeiros, hortalizas, froiteiros de pepita e oso, de froito seco, vide., etc.



RÉXIME DE TEMPERATURAS

XA	FEB	MA	AB	MA	XU	XUL	AG	SE	OU	NO	DE	ANO
6,6	7,7	8,6	10,3	12,6	14,8	17,3	17,3	16,5	12,7	9,8	7,7	11,9

Temperatura media mensual de medias (°C)

Inverno	Primavera	Verán	Outono
7,7	12,6	17,1	10,1

Temperaturas medias suaves e pouca oscilacións térmicas.

PLUVIOMETRÍA

XA	FEB	MA	AB	MA	XU	XUL	AG	SE	OU	NO	DE	ANO
215	195,3	153,9	117,6	103,9	55,6	29,7	40,6	82,9	141,1	182,9	201,2	1.520

Precipitación media mensual (mm)

Zona de altas precipitacións, debido á súa localización, moi exposta ás borrascas atlánticas. O máximo de precipitacións prodúcese entre os meses de novembro e febreiro, e o mínimo nos meses de xullo e agosto.

EVAPOTRANSPIRACIÓN

XA	FEB	MA	AB	MA	XU	XUL	AG	SE	OU	NO	DE	ANO
11,59	20,15	41,85	67,78	92,36	105,60	119,95	97,34	61,11	76,23	13,37	10,02	677,34



42

ETP= Evapotranspiración potencial (mm)

Con estes datos, nos meses de xuño e agosto os valores da ETP superan ós das precipitacións, polo que a humidade do solo correspondente á capacidade de retención empeza a esgotarse. Polo tanto, pódese dicir que existe seca no solo no mes de agosto.



Factores que inflúen no tamaño de mercado

FACTORES	IMPORTANCIA (1,2 OU 3)	FONTES DE INFORMACIÓN	USO
Factores non controlables pola empresa			
Prezo	2	Maioristas	Coñecer o prezo de venda dos produtos así como cando estes son mais elevados.
Abastecementos	2	Xallas, concello e Telefónica	Existe cerca da localización da empresa luz eléctrica, telefono e auga municipal, no caso contrario custo de instalación.
Regulación municipal do solo	3	Concello	Establecer si esa zona pódese establecer un negocio de agricultura ecolóxica.
Aluger dos terreo	3	Veciños da zona	Coñecer canto custa o aluguer dos terreos.
Pragas	3	Oficina de Extensión agraria	Coñecer que pragas poden afectar a esta zona e que cultivos son os mais débiles ante elas.
Clima	1	Oficina Agraria	Determinar que cultivos, segundo o clima se poden establecer na zona aberta.
Instalacións	2	Empresas do sector	Coñecer o custo de instalación do invernadoiro así como o prezo da adecuación do solo para agricultura ecolóxica dependendo do sitio.
Competencia	1		Existe competencia, no caso afirmativo, intentar coñecer os resultados e cultivos mais rendibles.
Axudas	2	Oficinas de Extensión agraria	Que axudas teñen a explotación da agricultura ecolóxica.
Factores controlables pola empresa			
Superficie	3		Establecer a superficie que preciso para levar a cabo o proxecto así como o numero de propietarios cos que negociar.
Cultivos	3	Oficina Agraria Outros Productores	Establecer o tipo de cultivos óptimos.
Solo	2	Técnico Agrícola	Coñecer as actuación que hai que facer no solo para que sexan rendible de forma ecolóxica.
Persoal	2		É preciso contratar persoal, cantos meses o ano e custo total.
Maquinaria	2	Empresas de aluguer e venda de maquinaria	Aluguer ou compra de maquinaria, tratar, furgoneta.
% solo cerrado e aberto	2		Determinar de toda superficie, canta vai estar pechada e canta aberta.
Localización	1		Instalar a empresa cerca do domicilio familiar ou elixir un sitio de óptimas condicións mais lonxe.
Cientes	2		Establecer o tipo de clientes os que bou ofrecer os produtos, clientes directos, maioristas ...





Autores

Autor da información orixinal: OBZ Management Consulting.

Autores da adaptación:

José Ramón Esperante Otero. *Concello de Mazaricos. Técnico Local de Emprego.*

José Manuel Mayo Priegue. *Concello de Muiños. Técnico Local de Emprego.*

A participación dos Técnicos Locais de Emprego (TLEs) neste proxecto forma parte das actuacións previstas no protocolo de colaboración entre o Igape e a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de data 12 de setembro de 2003.



